



Suxestión dirixida o Concello de Gondomar para que valore a conveniencia de solicitar ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo autorización para entrada no inmovible obxecto dunha denuncia, ao obxecto de comprobar si se realizaron obras sen a preceptiva comunicación ou licencia para, de ser o caso, iniciar os procedementos administrativos que correspondan

Expediente: N.9.Q/1285/21

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2021

Sr. Alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por D. [REDACTED] con data do 14 de abril de 2021, pola falla de actuación polo Concello de Gondomar ante a denuncia presentada con data do 20 de agosto de 2020, polas obras executadas nunha parcela sita en rúa [REDACTED] do dito Concello, presuntamente sen título administrativo habilitante.

Indica o Sr. [REDACTED] que a súa nai xa presentara denuncia por estes mesmos feitos con data do 3 de agosto de 2017, sen que lle conste actuación algunha por parte do Concello.

ANTECEDENTES

A queixa foi admitida a trámite, iniciándose un procedemento informal e sumario no que con datas do 15 de abril de 2021 solicitouse informe ao Concello de Gondomar.

Con data do 3 de maio de 2021, o Concello de Gondomar remite oficio no que comunica que con data do 27 de agosto de 2020, emitiuse informe pola Inspectora de Obras no que se fai constar que, o día 25 de agosto de 2020, presentouse no citado enderezo acompañada de axentes da Policía Local e solicitado permiso para entrar na parcela para comprobar e levantar acta de inspección sobre presunta infracción urbanística, os titulares da mesma non lle permitiron o acceso. A inspectora fai constar que a finca está pechada en todo o seu perímetro.

CONSIDERACIÓNS

Primeira.- Da documentación remitida polo interesado e da contestación ao requirimento de información remitida polo Concello de Gondomar, constátase o seguinte

- O interesado denuncia a realización de obras consistentes en construción de placa de formigón para bodega e placa para entrada a portal da propiedade, instalación dunha ducha sen desagüe e unha beirarrúa que recorre a finca sen que poida determinar onde finaliza.
- Ante a denuncia presentada, polo Concello procedeuse a realizar visita de inspección, non podéndose comprobar a existencia das obras denunciadas, ao non autorizar os titulares da parcela o acceso á mesma.

Segunda.- De acordo co disposto no artigo 371 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os concellos teñen entre as súas competencias a do exercicio da actividade administrativa relativa á protección da legalidade urbanística, que comprende, entre outras funcións, a de inspeccionar as obras, edificacións e usos do solo para comprobar o cumprimento da legalidade urbanística, constatar e denunciar todas as anomalías que se observen, informar sobre a adopción de medidas cautelares, correctivas e sancionadoras que se consideren convenientes para o mantemento da disciplina urbanística e adoptar as medidas necesarias para a restauración da orde urbanística vulnerada e repoñer os bens afectados ao estado anterior á produción da situación ilegal.

Terceira.- Denunciada a posible execución dunha obra que non conta coas autorizacións correspondentes, debe abrirse expediente para a súa comprobación, sendo os servizos técnicos e administrativos municipais os que deberán visitar o lugar afectado. Debe considerarse por tanto correcta a actuación do Concello, se ben no presente caso, non se puido facer a comprobación dos feitos denunciados, pola negativa dos seus propietarios a autorizar a entrada.

De acordo coa Sentenza do Tribunal Constitucional do 17 de febreiro de 1984, o domicilio é aquel no que se desenvolve a vida privada da persoa e a súa familia. Segundo establece o artigo 18.2 da Constitución Española, o domicilio é inviolable, polo que o concello non poderá entrar no mesmo sen o consentimento do titular ou sen a correspondente autorización xudicial.

Por tanto, ante a denuncia presentada, debe o Concello valorar, en función da entidade das obras denunciadas e as demais circunstancias que poidan concorrer no expediente, a conveniencia ou non de solicitar ante o xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, autorización para a entrada no domicilio. De solicitarse, debe ditarse acto pola alcaldía no que se expoñan os feitos e se motive adecuadamente a necesidade de entrar no inmovible, a fin de que polo Xulgado se poida valorar as circunstancias concurrentes e os

intereses en conflito (públicos e privados), para decidir se procede ou non o sacrificio deste dereito fundamental.

Por todo o exposto ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Gondomar a seguinte:

SUXESTIÓN

Que por parte do Concello de Gondomar se valore, en función da entidade das obras denunciadas, o interese na protección da legalidade urbanística e as demais circunstancias que poidan concorrer no expediente, a conveniencia de solicitar ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo autorización para entrada no inmovible obxecto da denuncia, ao obxecto de comprobar si se realizaron obras sen a preceptiva comunicación ou licencia para, de ser o caso, iniciar os procedementos administrativos que correspondan.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da suxestión formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdo atentamente.

Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo